

## **CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE FERROL PARA A REALIZACIÓN DA EXPOSICIÓN "GONZALO TORRENTE BALLESTER, A TRAVESÍA DUN CREADOR"**

Don José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Don José Manuel Rey Varela, con NIF 32674975W, en calidade de alcalde do Concello de Ferrol, con CIF P1503700E, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen os artigos 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

### **EXPOÑEN:**

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

O pobo de Ferrol, a través das distintas corporacións municipais que gobernaron o concello dende a morte de Torrente (1999) ata hoxe, sempre tivo un recordo para o



escritor, manifestado nunha ofrenda floral ante a súa tumba. Este ano, pola circunstancia de cumprirse un cuarto de século do seu falecemento, o Concello de Ferrol quere dedicarlle un homenaxe especial á súa memoria organizando diversos actos culturais que teñen que ver coa súa obra. Unha obra que, entre outros recoñecementos, foi distinguida co Premio da Crítica (dúas veces, 1972 e 1977), Premio Nacional de Narrativa (1981), Premio Príncipe de Asturias (1982), Premio Cervantes (1985), Premio Planeta (1988) e Premio Azorín (1994) entre outros, ademais de ser Doctor Honoris Causa por varias Universidades nacionais e estranxeiras.

O 27 de xaneiro cumpríronse 25 anos da morte de Gonzalo Torrente Ballester. Un aniversario que o Concello de Ferrol quixo aproveitar para recordar e homenaxear ao escritor que é Fillo Predilecto do mesmo. Foi un veciño máis durante a súa infancia, xuventude e un lustro na súa madurez, que non se esqueceu nunca da cidade de Ferrol, como deixou patente en moitas das súas novelas, en relatos breves e en centos de artigos literarios publicados en distintos xornais madrileños e galegos. Proba de que nunca esqueceu esta terra é o feito transcendente de que quixo enterrarse entre os seus, na sepultura familiar do cemiterio de Serantes, á beira da súa casa natal.

Este ano, pola circunstancia de cumprirse un cuarto de século do falecemento de Torrente Ballester, o Concello de Ferrol adicoulle unha homenaxe especial a súa memoria organizando diversos actos culturais que teñen que ver coa súa obra, a través dunha programación específica ao longo de todo o ano 2024.

Esta programación foi:

- Ofrenda floral no cemiterio de Serantes o 27/1/2024.
- Actuación institucional no Concello de Ferrol, coa conferencia sobre Torrente por parte do Presidente da RAG, don Víctor Freixanes, e unha intervención musical con soprano e piano, estreando unha composición de Miguel Brotóns sobre Torrente Ballester o 27/1/2024.
- Representación da obra "Las hermanas Recalde" o 28/1/2023 no Teatro Jofre.
- Realización de mesas redondas na Casa de Galicia de Madrid os días 6 e 7 de febreiro de 2024. A primeira mesa estará integrada por novelistas e a segunda por críticos.
- Representación da obra "Una gloria nacional" o 25/2/2024 no Teatro Jofre.
- Realización do Premio da Crítica 2024 en Ferrol.
- Ciclo de cine sobre novelas ou guións de Gonzalo Torrente Ballester



No exercicio das súas competencias, a Biblioteca Nacional de España decidiu organizar unha exposición conmemorativa á figura de Gonzalo Torrente Ballester *"GONZALO TORRENTE BALLESTER, LA TRAVESÍA DE UN CREADOR (EN EL VIGÉSIMO QUINTO ANIVERSARIO DE SU FALLECIMIENTO)"*, a que se está a celebrar na Sala Guillotinas da BNE e que terá unha duración máxima de 100 días entre os meses de outubro de 2024 e xaneiro de 2025 (concretamente ata o 12 de xaneiro de 2025), abrindo a outras entidades a posibilidade de itinerancia de dita exposición.

Esta exposición rinde homenaxe ao escritor Gonzalo Torrente Ballester, no vintecinco aniversario do seu pasamento (Serantes, Ferrol 1910 – Salamanca 1999). A mesma atende ás diversas facetas desenvolvidas polo autor, contando principalmente cos fondos bibliográficos, gráficos, documentais e materiais pertencentes tanto á Biblioteca Nacional de España como á Fundación Gonzalo Torrente Ballester, sita en Santiago de Compostela.

A mostra complétase coas achegas de diferentes institucións e particulares, e o documental GTB x GTB, producido en 2010 pola Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales (SECC) e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester con guión e dirección de Luis Felipe Torrente Sánchez-Guisande e Daniel Suberviola Garrigosa.

A exposición mostra mediante as múltiples e heteroxéneas pezas coidadosamente escollidas que a compoñen, unha singradura vital en continuo tránsito (Ferrol / Santiago / Oviedo / Burgos / Madrid / Mallorca / Pontevedra / Albany(USA) / Vigo / Ramallosa / Salamanca) e os froitos humanos, intelectuais e artísticos que se xestan e desenvolven en cada etapa.

As seccións nas que se estrutura a mostra responden a unha distribución coa que se pretende evidenciar como e en que momento foron xurdindo as diversas facetas nas que se despregou a actividade intelectual e artística de Gonzalo Torrente Ballester: obviamente a máis coñecida, a de escritor, pero tamén a de profesor e estudoso da Historia, a de ensaísta, articulista de prensa, crítico literario e teatral, a de guionista cinematográfico ou a de fotógrafo. Isto a fai unha exposición única e de gran interese para o público en xeral.

Por todo isto, o Concello de Ferrol desexa, facendo uso da posibilidade de itinerancia mencionada, programar a celebración da exposición antedita no Centro Cultural Torrente Ballester como continuación e colofón á programación das actividades levadas a cabo no ano 2024, denominado "Ano Torrente Ballester".



O cronograma de dita exposición comezara o 13 de xaneiro e rematará o 30 de abril do ano 2025 sendo o cronograma o que a continuación defínese:

- 13 de xaneiro 2025 embalaxe do material na Biblioteca Nacional de España e transporte á cidade de Ferrol.
- 14-26 de xaneiro de 2025 montaxe da exposición no Centro Cultural Torrente Ballester.
- 27 de xaneiro de 2025 inauguración da exposición coincidindo co aniversario do pasamento de Gonzalo Torrente Ballester.
- 27-21 de abril de 2025 período da exposición.
- 22-30 de abril de 2025 desmontaxe da exposición e traslado do material.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Ferrol para realizar unha exposición conmemorativa á figura de Gonzalo Torrente Ballester "*GONZALO TORRENTE BALLESTER, A TRAVESÍA DUN CREADOR (NO VIGÉSIMO QUINTO ANIVERSARIO DO SEU FALECEMENTO)*", que se levará a cabo na cidade de Ferrol dende o 13 de xaneiro ata o 30 de abril de 2025.

O orzamento estimativo dos gastos para a realización da exposición ascende a 27.321

€.:

- Traslado do material exposto na BNE dende Madrid á cidade de Ferrol, embalaxe ao remate da mesma e traslado a Santiago de Compostela: 8.470 € IVE incluído.
- Montaxe da exposición no Centro Cultural Torrente Ballester: 1.452 € IVE incluído.
- Comisarias da exposición: 3.000 € (1.500 € cada unha, IRPF incluído).
- Seguros das obras: 1.452 € IVE incluído.
- Adaptación do proxecto ao Centro Cultural Torrente Ballester, maquetación de textos a artes finais para impresión. 2.662 € IVE incluído.



- Deseño e impresión da cartelería para o interior da sala de exposicións (vinilos, deseño, maquetación e impresión): 4.235 € VE incluído.
- Deseño e impresión da cartelería para o exterior da sala de exposicións (folletos e cartaces): 3.630 € IVE incluído.
- Reportaxe da exposición: 2.420 € IVE incluído.

Polo tanto, dende un punto de vista de concepto de gastos distínguese:

- Traslado e montaxe: **9.922€**
- Comisariado:
  - ✓ Retribucións de dúas comisarias da exposición: **3.000€**
- Seguros das obras: **1.452€**
- Contratación de traballos realizados por outras empresas:
  - ✓ Deseño da montaxe: **2.662€**
  - ✓ Deseño e impresión de cartelería (exterior e interior): **7.865€**
  - ✓ Realización de vídeo e fotografías: **2.420€**

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. Neste ano 2024, pola circunstancia de cumprirse un cuarto de século do falecemento de Torrente Ballester, o Concello de Ferrol adicoulle unha homenaxe especial a súa memoria organizando diversos actos culturais que teñen que ver coa súa obra; a través dunha programación específica ao longo de todo o ano 2024, e que estivo constituída por actos que -dende a súa distinta natureza- mantivesen vivo o seu recordo. O Concello de Ferrol quere lembrar a "un home realmente importante dentro da cultura galega e española". Poñer en valor o papel decisivo que tivo na cultura galega este persoeiro. "O seu é un dos legados máis abraiantes, creativos, prolíficos e innovadores da nosa literatura"; "Torrente Ballester atopou en Ferrol, a súa terra, o imaxinario e a retranca coa que enchería páxinas enteiras da súa obra, ademais dunha mitoloxía que se encargou de divulgar e popularizar entre o gran público".

O Concello de Ferrol vai programar a celebración da exposición conmemorativa "GONZALO TORRENTE BALLESTER, LA TRAVESÍA DE UN CREADOR (EN EL VIGÉSIMO QUINTO ANIVERSARIO DE SU FALLECIMIENTO)" no Centro Cultural Torrente Ballester como continuación e colofón á programación das actividades levadas a cabo no ano 2024, denominado "Año Torrente Ballester".



Por todo o anterior, o concello de Ferrol é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

A Dirección Xeral de Cultura conta anualmente cunha programación de convenios que se plasma a través da elaboración do Plan Estratéxico de convenios. Dado que o convenio se iniciou como anticipado de gasto nestes intres a dita programación de convenios aínda non está efectuada non obstante, dito convenio será incorporado á planificación estratéxica de convenios da Dirección Xeral de Cultural para 2025.

### **SEGUNDA.- Obrigas do concello de Ferrol**

O Concello comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O Concello deberá dar cumprimento das obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O Concello ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

O Concello deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade



social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Concello deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

O Concello comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

### **TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar ao Concello de Ferrol a cantidade de 20.000 €, como contribución para a exposición conmemorativa "*GONZALO TORRENTE BALLESTER, LA TRAVESÍA DE UN CREADOR (EN EL VIGÉSIMO QUINTO ANIVERSARIO DE SU FALLECIMIENTO)*" con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.760.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, código de proxecto 2015 00370.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio fixado na cláusula primeira (27.321€), a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase proporcionalmente.

Este expediente tramitase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, existindo crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2025.

A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, conforme ao proxecto de Lei de Orzamentos para o exercicio 2025, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 17 de outubro de 2024, e ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de



1998, sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

#### **CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2025.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas, as entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

O Concello presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención, dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:



- Certificación expedida pola Secretaría do Concello, co visto e prace do presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
  - 1.- O cumprimento da finalidade da subvención.
  - 2.- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Número de asistentes e número difusión en medios
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe; ou, se é o caso, declaración de que non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.



### Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2025 dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que o Concello non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

### **QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta**

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación que non poderá superar o 80% do importe subvencionado, máximo de 16.000 €. O pagamento restante, 4.000 €, pagarase no momento da completa xustificación polo Concello do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

No caso de que o Concello solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar así como unha memoria económica xustificativa co custo das actividades. A concesión de anticipo realizarase mediante resolución motivada, de acordo co disposto no artigo 6 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións a entidades locais galegas.

O Concello tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.



O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que o beneficiario/a está obrigado/a á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

#### **SEXTA.- Comisión de Seguimento**

Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes.

A comisión rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretaria/o quen se designe da mesma forma.

#### **SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio**

O incumprimento de calquera das estipulacións deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

*"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade e Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.*

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

Segundo o disposto no artigo 7 do decreto 193/2011:



*“Unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación das características do proxecto ou actividade subvencionada, cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de realización da actuación”.*

Respecto da subvención concedida pola Consellería, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

#### **OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas



previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

#### **DÉCIMA.- Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa



Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2025.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e O alcalde do Concello de Ferrol  
Xuventude

José Carlos López Campos

José Manuel Rey Varela

